



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI AS MIRANDAS

Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

CPI AS MIRANDAS

Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

C U R S O 2 0 1 9 - 2 0 2 0

C P I A S M I R A N D A S

DEPARTAMENTO: HISTORIA

DATA: 11- MAIO- 2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe.
2. Avaliación e cualificación.
3. Información e publicidade.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESINDIBLES

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia



Criterio de avaliación

PRIMEIRO DE ESO

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Coñece-lo planeta Terra: forma, dimensións e condicións esenciais que fan posible a vida.

- Localiza lugares ou espazos nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas e obtén información sobre o espazo representado a partir da lenda e a simboloxía, comunicando as conclusións de forma oral ou escrita

Coñecer e poder situar no mapa correctamente, as unidades do relevo, os climas e os medios naturais máis importantes do Mundo, España e Galicia.

Identificar e localiza-las Comunidades Autónomas e as provincias españolas, os estados da Unión Europea e os estados do mundo.

- Interpretar mapas políticos. Realiza unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico ou histórico e comunica a información obtida de forma correcta por escrito.

- Obter información a partir de diferentes fontes: documentos escritos, obxectos materiais, imaxes, obras de arte, gráficos, mapas, etc; interpreta e analiza-los cambios experimentados e a súa transcendencia.

- Realizar pequenas investigacións de carácter descritivo sobre algún feito ou tema próximo, consultando información complementaria e comunicando de forma intelixible os resultados do estudio.

- Ordenar e representar graficamente algún aspecto significativo da vida humana ó longo de diferentes épocas: sociedades prehistóricas, sociedades urbanas, sociedade clásica sobretudo de Galicia e á Península Ibérica.



SEGUNDO DE ESO

MÍNIMOS ESIXIBLES :

- Causas da crise do imperio romano. Comprender o cambio fundamental que produxo o inicio da Idade Media coa fractura da unidade política do Mediterraneo
- Orixe do islam etapas da súa historia. Al Andalus. 1º Núcleos de resistencia cristiá Analizar a presenza simultánea das culturas cristiá, islámica e xudía na Península.
- Explicar o concepto de feudalismo e situar o seu desenvolvemento durante a Idade Media. Características da sociedade estamental. Privilexiados e non privilexiados.
- Coñecer as características principais da arquitectura, a escultura e a pintura románicas.
- O rexurdir das cidades. Causas por que renaceron as cidades. A cidade medieval como a orixe de moitas das nosas cidades Características principais da arquitectura, a escultura e a pintura góticas
- A crise do século XIV e o rexurdimento e cambios producidos a partir do século XV.
- Remate da Idade Media. Acontecementos que dan fin a esta etapa.
- Demografía. Reparto, dinámica e características da poboación
- Plasmar esta comprensión en mapas históricos e eixos cronolóxicos.
- Identificar e situar cronolóxicamente e xeograficamente os principais pobos, sociedades e culturas que se desenvolveron na Península Ibérica antes da época moderna e analiza-las súas achegas á nosa civilización a partir dos vestixios existentes.
- Analizar os trazos básicos dos estilos artísticos medievais.
- Participar en debates e discusións, empregando argumentacións razoadas con actitude crítica e tolerante
- Elaborar informes traballando en grupo sobre cuestións problemáticas da vida cotiá no mundo actual.



TERCEIRO DE ESO

MÍNIMOS ESIXIBLES:

- Coñecemento dos acontecementos que dan inicio á Idade Moderna.
- Etapa dos descubrimentos. Grandes exploracións: causas, proceso e consecuencias da expansión xeográfica.
- Transformacións económicas e sociais do Estado Moderno.
- Novo modelo Político: a monarquía autoritaria.
- Conflictividade política e relixiosa: Reforma e Contrarreforma.
- O Renacemento.
- Crise do século XVII, cambios políticos e económicos. Guerra dos Trinta Anos.
- O barroco
- Obter e utilizar informacións relevantes sobre temas xeográficos de fontes variadas pero simples e progresivamente máis complexas. Relaciona-las informacións, valoralas e combinalas para explicar feitos sociais. Adquirir autonomía para tomar notas, consultar fontes escritas e acceder a bases de datos sinxelas aproveitando as posibilidades das tecnoloxías da información.
- Elaborar individualmente ou en grupo traballos sinxelos e exposicións orais sobre temas da área, utilizando o vocabulario pertinente e a corrección formal axeitada.
- Manexar, interpretar e elaborar correctamente distintos tipos de mapas, bosquejos, gráficos e táboas estatísticas, utilizándoos como fontes de información e medios de análise e de síntese.
- Identificar e explica-la organización político-administrativa do Estado español. Caracterizar e valora-la estrutura autonómica do Estado e a diversidade das Comunidades Autónomas. Analiza-lo grao de articulación interna e os desequilibrios territoriais en España. Coñece-los contrastes entre o litoral e o interior de Galicia.
- Coñecer a distribución xeográfica das zonas climáticas do globo e das grandes unidades morfoestructurais do mundo , España e Galicia.
Son contidos mínimos prioritarios para tódalas avaliacións, a representación axeitada no mapa, utilizando tramas e cores, no seu caso, rotulando con claridade e poñendo os nomes das localidades específicas indicadas en cada tema. Utilizarase a transparencia ,como metodo de visualización da relación entre a xeografía física e os aspectos xeopolíticos e xeoecónómicos. A utilización do vocabulario específico da asignatura e a utilización de esquemas de estudio e criterios de clasificación.
- Os contidos procedimentais necesarios para a comprensión da xeografía especificados mais enriba repasaranse na primeira avaliación despois de establecer o nivel do grupo por medio dunha proba de avaliación inicial.



CUARTO DE ESO

MÍNIMOS ESIXIBLES:

- Manexar termos propios da asignatura.
- Capacidade de analizar textos históricos, contextualizándoos e relacionándoos con outras fontes de información, gráficos, estadísticas, mapas.
- Definición de términos históricos, ubicandoos correctamente no espacio e no tempo. o Realización de eixos cronolóxicos, liñas de tempo e mapas históricos.
- Percepción das causas que xeneran novos descubrimentos, feitos significativos, acontecementos, cambios de mentalidade na sociedade e as personas no tempo.
- Percepción da relación e interconexión existente entre feitos diversos: ideolóxicos, económicos, políticos e culturais.
- Comprensión dos fundamentos dos grandes imperios e potencias o longo da historia, a súa extensión a súa importancia e influencia no mundo actual.
- Comprensión da evolución e dos cambios políticos e sociais o longo da Historia de España dos séculos XIX e XX
- Conocemento e valoración do longo camiño percorrido entre os sistemas políticos autoritarios-dogmáticos e o reconecemento e aplicación dos dereitos individuais.
- Percepción da situación e os problemas mundiais o comenzo do S. XXI
- Conocemento e valoración dos principios, órganos e funcións básicos definidos na Constitución Española de 1978 e o Estatuto de Autonomía
- Son contidos mínimos para tódalas avaliacións: a representación o interpretación dun mapa histórico, a ubicación dos feitos históricos nun mapa xeográfico, a correcta situación temporal nunha liña do tempo, a utilización dos termos específicos da asignatura.



- Enumerar as transformacións do século XVIII, incidindo nas propias do reformismo borbónico en España e América.
- Distinguir os cambios políticos que conducen á crise do Antigo Réxime e ás revolucións liberais, así coma a súa repercusión en España e Galicia, destacando as dificultades para a construción do estado liberal.
- Comprender as transformacións socioeconómicas que acompañan a Revolución industrial, así coma os acontecementos máis relevantes que explican o protagonismo de Europa durante a época do Imperialismo, as súas consecuencias e o seu declive.
- Caracterizar os feitos da primeira metade do século XX e, de xeito específico, os que afectaron a España e a Galicia.
- Comprender as profundas transformacións operadas despois da Segunda Guerra Mundial, destacando a visión do mundo en bloques e as características esenciais de cada un deles, o proceso de integración europea e os problemas derivados da descolonización.
- Analizar e coñecer en profundidade a etapa da Historia de España na primeira metade do século XX: Crise da Restauración, Segunda República e Guerra Civil. Analizar a etapa da dictadura franquista e en especial os mecanismos que permitiron a Transición Democrática.
- Subliñar a transcendencia da construción europea e a participación de España neste proceso. Valorar os principios e as institucións básicas dos sistemas democráticos e recoñecelos na vixente Constitución española. Situar a Constitución de 1978 dentro do proceso da transición democrática, destacando a súa proxección na vida pública e na articulación territorial do Estado.
- Analizar os cambios máis recentes operados no panorama político internacional identificando, valorando e debatendo de modo crítico os principais problemas morais do mundo actual, así como as diferentes posicións éticas que manifestan.



Estándar de aprendizaxe

PRIMEIRO DE ESO

- Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.
- Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.
- Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.
- Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
- Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
- Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
- Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.
- Distingue etapas dentro da historia antiga.
- Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
- Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.
- Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.
- Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".
- Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).
- Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.
- Distingue etapas dentro da historia antiga.
- Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.
- Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da



mesopotámica.

- Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.
- Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.
- Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.
- Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.
- Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentestipos
- Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.
- Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.
- Elabora un mapa do imperio de Alexandre.
- Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.
- Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.
- Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.
- Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma.
- Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.
- Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.



SEGUNDO DE ESO

- Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.
- Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.
- Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estes restos materiais ou textuais.
- Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
- Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
- Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
- Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
- Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.
- Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos
- Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.
- Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.
- Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media.
- Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica.
- Explica a importancia do Camiño de Santiago.
- Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.
- Describe características da arte románica, gótica e islámica.



TERCEIRO DE ESO

- Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado
- Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.
- Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.
- Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
- Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
- Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
- Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).
- Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.
- Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época.
- Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.
- Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.
- Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.
- Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.
- Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo.
- Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América.
- Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".



CUARTO DE ESO

- Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".
- Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.
- Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías.
- Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época.
- Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.
- Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.
- Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.
- Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.
- Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.
- Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.
- Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.
- Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.
- Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.
- Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.
- Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España.
- Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.



- Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.
- Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización.
- Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.
- Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.
- Analiza o novo mapa político de Europa.
- Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.
- Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.
- Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008.
- Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.
- Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.
- Recoñece a xerarquía causal da Segunda Guerra Mundial (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).
- Sitúa nun mapa as fases do conflito.
- Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial.
- Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.
- Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.
- Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.
 - os feitos relevantes do proceso descolonizador.
 - Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

| | |
|---|---|
| Avaliación | <p>Procedementos e Instrumentos: Para poder avaliar nesta fase, o alumnado realizará traballos enviados polo profesor, o cal fará un seguimento e axuda ós alumnos e alumnas para poder realizalos.</p> <p>Os alumnos con avaliacións suspensas farán unhas traballos individualizados e axeitados á parte da materia na que non acadaron os obxectivos. De maneira que, coa guía e axuda da profesora, poidan recuperar ditas avaliacións pendentes.</p> |
| Cualificación final | <p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A cualificación final farase obtendo a media das dúas primeiras avaliacións (as calificacións obtidas no tempo lectivo presencial) . A esa nota poderase sumar ata un máximo dun 20 % (dous puntos) valorando os traballos entregados polo alumnado con posterioridade ó confinamento.</p> |
| Proba extraordinaria de setembro | <p>En Setembro o alumnado terá que presentar unha serie de exercicios proporcionados pola profesora e realizará unha proba cuxo contido será extraído de ditos exercicios. Serán exclusivamente contidos impartidos nas clases presenciais na 1ª e 2ª avaliación.</p> |



**Avaliación de materia
pendentes**

Criterios de avaliación:

Os referidos anteriormente

Criterios de cualificación:

No caso de aprobar a segunda avaliación do curso actual o alumn@ tería aprobada automaticamente a materia suspensa do curso anterior.

No caso de non aprobar terá que facer un traballo, guiado e axudado pola profesora, para acadar os coñecementos e obxectivos do curso anterior.

Este traballo será o que permita avalialo.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

traballos realizados polo alumnado, axudado polo profes@r.

3. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

PROFESORADO

Notificarase a través do Drive, a vía que emprega o profesor para traballar cos alumnos de que poden ver o documento na páxina do colexio



CENTRO

Publicarase na páxina web do centro